**COMUNICADO AOS MEDIOS CO ROGO DA SÚA DIFUSIÓN**

# O BNG reclama unha solución ao problema de augas residuais na Rúa Rosalía de Castro

No BNG de Xinzo tivemos coñecemento de que na Rúa Rosalía de Castro, esquina coa Rúa Ladeira, desta vila están a verquerse directamente á vía pública augas fecais procedentes dos edificios de vivendas próximos, feito que se produce **dende o pasado xoves, día 1 de maio**.

Estes feitos foron postos en coñecemento do Concello sen que, ata o momento, se tomase medida reparadora algunha, máis ben ao contrario, dende o Grupo de Goberno do PP considerouse que a responsabilidade de amañar o problema era dos propios veciños dos inmobles afectados.

Diante do risco claro que isto representa para a saúde ao tratarse dunha rúa céntrica cun tránsito frecuente de peóns e atoparse o punto do verquido a escasos metros dun centro escolar ao que acoden a diario centos de nenos e nenas de corta idade, puxemos os feitos en coñecemento da Consellería de Sanidade para que avalíe a situación e actúe en consecuencia.

Dende o BNG reclamamos do Alcalde e do Concelleiro de Medio Ambiente que respondan con dilixencia e, tendo en conta que se está a afectar unha vía pública, se actúe inmediatamente dende o Concello para poñerlle remedio ao problema, adiando para un momento posterior a determinación das responsabilidades para, se é o caso, esixirllas aos causantes.

Amador Díaz Penín
Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Xinzo da Limia

Xinzo da Limia | 06-05-2008

Máis información en: **www.bng-xinzo.org**

Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia
Multicentro, 1ª Planta – 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) * Tlf/Fax: 988 461 360

info@bng-xinzo.org | www.bng-xinzo.org